



O STEG RECLAMA UNHA SUBA SALARIAL QUE PERMITA RECUPERAR O PODER ADQUISITIVO PERDIDO NOS ÚLTIMOS ANOS

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Nas últimas semanas comezou unha negociación entre a Administración e sindicatos do ensino para actualizar o salario do persoal docente, negociacións ás que o STEG como representantes do profesorado, solicitamos asistir, petición que nos foi denegada. Non entendemos os motivos para esa denegación dado que o STEG ten representación nas catro provincias, representando a un colectivo, en número de votos, maior ca algunha das centrais sindicais que o están a negociar. Dende diferentes partes chegaron cifras e prazos para esa suba ou "homologación" salarial, pero no STEG non imos entrar nese intercambio de números, máis propio dun partido de tenis que dun asunto serio coma as retribucións e os dereitos do persoal docente

- Desde o STEG entendemos que **NON SE PODE COMEZAR UNHA NEGOCIACIÓN** sobre a suba dos nosos salarios sen recuperar o que xa era noso. Poderíase entender que, en época de crise, os salarios non suban, pero non que diminúan!... e, por riba, despois de "superada" a crise, que non se recupere o que nos foi roubado. Esta parte do salario "roubado" corresponde aos complementos específicos das nosas pagas extras durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016; reducións aplicadas só en Galiza de todos os territorios que conforman o Estado.

-Xa existía un acordo de revisión periódica das retribucións das e dos docentes, acordo que a Consellería deixou de aplicar unilateralmente coa excusa dos recortes. O mínimo punto de partida sería recuperar ese acordo para poder melloralo.

-Non nos parece de recibo fixar a cantidade nunha posición concreta dun ránking entre diferentes territorios. Debemos aspirar a ter unhas retribucións xustas independentemente do que suceda fóra de Galiza.

-O poder adquisitivo perdido nestes cursos é algo obxectivo e cuantificable, xa que o IPC evolucionou nunha curva maior que as nosas retribucións (conxeladas desde 2010 e cunhas subas do IPC do 3,1%; 2,5%; 2,6%; 0,5%; 1,6% e 1,2% en 2010, 2011, 2012, 2013, 2016 e 2017).

A Consellería debería partir dese punto para iniciar unha negociación xusta.

-A mellora das condicións de traballo non se debería restrinxir ao meramente económico: débese recuperar o horario anterior aos recortes, o dereito a estar de baixa sen que descuenten unha parte do soldo, ou as axudas do fondo de acción social, que foron completamente baleiradas de contido, entre outras medidas.

Todas as condicións que se poñan enriba da mesa e supoñan unha rebaixa do anteriormente exposto son, para o STEG, unha merma das condicións laborais. Seguiremos insistindo no noso dereito a participar nesas negociacións como representantes do profesorado, e estudaremos levar a cabo as accións que consideremos necesarias para acadar unhas condicións laborais dignas e xustas para todo o profesorado. Non descansaremos ata que nos devolvan o que nos roubaron.

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG